

Esta mañá tivo lugar unha rolda de prensa de **CIG-Saúde**, na que denunciabamos a improvisación coa que se está a xestionar a formación do persoal ante o ébola, e o triunfalismo co que se fala desde a Consellaría de Sanidade, cando a día de hoxe inda falta moitísima formación práctica sobre o tema. Exiximos unha planificación fonda e eficaz contra o ébola, con formación práctica impartida por persoas con experiencia, e que esta formación sexa considerada xornada efectiva. Tamén exiximos que a Consellaría se implique na erradicación do problema de raíz, poñendo todo o que estea da súa man para axudar a paliar a situación en África.